

SANIDADE UNIVERSAL E PÚBLICA, XA!



Se levas máis de 12 meses no paro, a Xunta bloqueáche a tarxeta sanitaria.

Axúdanos a garantir unha sanidade pública, universal e gratuíta.

Imaxínate que tes febre e dores, vas ao teu médico de cabeceira.e dinche que non te poden atender porque a túa tarxeta sanitaria está bloqueada. Por que? Porque levas máis de 12 meses no paro sen cobrar prestación. Así que ademais de sen traballo, quedas sen sanidade. Isto non pasou en Estados Unidos, non, isto está a pasar agora mesmo en Galicia.

O bloqueo da tarxeta realízase sen previo aviso ou notificación e ata que non reciben a que os acredita como persoas sen recursos, estas persoas non teñen acceso á sanidade pública. E a pesar de non ter emprego, estas persoas deben pagar a consulta e o tratamento farmacolóxico que lles prescriba o médico.

A Xunta de Galicia aprobou en Setembro unha Orde que nos arrebatou o dereito á sanidade pública outorgado polo artigo 43 da nosa constitución.

Axúdanos a parar esta loucura antes de que máis persoas se queden sen dereitos e outras Comunidades Autónomas repliquen a medida.

Ao asinar a petición estarás a enviar esta carta:

